



INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

INTRODUCCIÓN

O Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) foi fundado en novembro de 2015 na palleira da casa de Laxe, aldea de Chorexe, concello de Palas de Rei (Lugo). Foi presentado aos medios de comunicación o 27 de marzo de 2016 nun acto celebrado no parladoiro de Arqueixal, aldea de Santiago de Albá, Palas de Rei.

Obxectivo: o estudo, a divulgación e a protección do patrimonio cultural da Ulloa.

Área de actuación: comarca da Ulloa, constituída polos concellos de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

Sede social: Praza do conselleiro Fernando Salgado, 2. Monterroso (Lugo).
Nº rexistro (Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia): 2016/019973.
Web: www.ieu.gal
Contacto: institutoulloa@gmail.com

Socios:

Socios numerarios: 103.

Socios institucionais: Concello de Monterroso e Concello de Palas de Rei.

Socios protectores: empresas Campomayor, Jimsports e Gadisa.

Socio honorario: Xesús Alonso Montero.

Empresa colaboradora: Hotel Balneario Oca Río Pambre.

PRIMEIRA XUNTA DE GOBERNO (2016)		
X. Francisco Pardo Teijeiro	Director	Palas de Rei
Jesús Otero Pereiras	Vicedirec.	Monterroso
Jose Miguel de Castro	Secretario	Palas de Rei
Xose Luis Santiso García	Administ.	Antas de Ulla
M. Jose Gómez Albite	Vogal 1º	Monterroso
Gregorio Ferreiro Fente	Vogal 2º	Monterroso
Rudi Esteban Ferreiro	Vogal 3º	Antas de Ulla
Sandra Goded Millán	Vogal 4º	Antas de Ulla
Rubén Lois González	Vogal 5º	Palas de Rei
Patricia Coucheiro González	Vogal 6º	Antas de Ulla
Bernardino Pardo Teijeiro	Vogal 7º	Palas de Rei
o Vilariño Varela	Vogal 8º	Palas de Rei
Carlos Méndez Vázquez	Vogal 9º	Monterroso
Juan Fernando Salgado	Vogal 10º	Monterroso
Marta Gontá Cordeiro	Vogal 11ª	Antas de Ulla
Daniel Salgado García	Vogal 12ª	Monterroso
Repres. Concello Monterroso	Vogal	
Repres. Concello Palas de Rei	Vogal	

XUNTA DE GOBERNO ACTUAL (febreiro 2019)		
Director	X. Francisco Pardo Teijeiro	Palas de Rei
Vicedirector	Jesús Otero Calvo	Monterroso
Secretario	Xosé Miguel de Castro Blanco	Palas de Rei
Administrador	Marta Gontá Cordeiro	Antas de Ulla
Vogal nº 1	Braulio Vilariño Varela	Palas de Rei
Vogal nº 2	Hilda García Cabanas	Antas de Ulla
Vogal nº 3	María José Gómez Alvite	Monterroso
Vogal	Repres. Concello Monterroso	
Vogal	Repres. Concello Palas de Rei	

ACTIVIDADES 2018

O 1 de setembro de 2018, durante a celebración do festival Son d'aldea na aldea palense de Santiago de Albá, foi entregado ao Instituto de Estudos Ulloáns o **premio Son d'aldea 2018** como recoñecemento ao seu labor como axente dinamizador da cultura da comarca da Ulloa.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO IEU EN 2018 SEGUNDO AS SECCIÓNS:

HISTORIA, ARQUEOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

- Solicitud á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de medidas de protección aos petroglifos do Monte Farelo en Antas de Ulla.
- Visita con fins de investigación ás igrexas románicas de Monterroso (Novelúa, S. Pedro de Vilanova, Ligonde, S. Lourenzo de Pedraza, Esporiz, Sucasro e Valboa). Francisco Pardo e Xosé Lois García. Agosto.
- Colaboración co proxecto Polafías. Dirixido por Antonio Reigosa, coa participación de María José Gómez Alvite e Carlos Vázquez. Parlaioiro de Arqueixal. 29 setembro.

FILOLOXÍA, LITERATURA E TOPONIMIA

- Xornada de homenaxe á familia Ouro e ao republicanismo Ulloán. Visita á casa de Oruro de Leilón, visita guiada á Palas de Rei republicana, e presentación do libro de Xulio Pardo de Neyra "Da fidalguía á república...", coas intervencións do autor, Carlos Parrado, Francisco Pardo Teijeiro e Pilar García Porto, Delegada de Cultura da Deputación de Lugo. 14 de abril.
- Xornada de homenaxe ao filólogo Manuel García Blanco na súa casa do castelo de Pambre. 14 de abril.
- Homenaxe a María Victoria Moreno no día das Letras Galegas en Fufín. 17 maio.
- Presentación dos libros de Xosé Lois García na Biblioteca do IEU. Coa participación do autor, da historiadora María José Gómez Alvite, do escritor Heitor Picallo e de Miguel Rico, alcalde de Monterroso. 7 xullo.

CIENCIAS, MEDIO AMBIENTE E EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Adhesión á ILP *Cousa de raíces*. Febreiro.
- Envío aos concellos da Ulloa e á Xunta de Galicia do documento elaborado por Sandra Goded sobre a defensa do bosque autóctono atlántico. Marzo.
- Participación na "Xornada en defensa do Ulla contra a mina de Touro". Visita ao nacemento do río Ulla, coas intervencións do director do IEU, Francisco Pardo Teijeiro, e do biólogo e poeta Jesús Pereiras. 27 maio.
- Promoción do proxecto "Flora da Ulloa" coordinado polo biólogo Xurxo Mouriño. Xullo.
- Coordinación da Observación Astronómica realizada en Monterroso o 19 de setembro polo Observatorio Ramón Aller da USC dentro do programa Todocosmos. Coordinado por Hilda García Cabanas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DOCUMENTAL

- Organización da biblioteca do IEU. Solicitud de libros sobre a Ulloa a institucións, editoriais e particulares.

-Inauguración da biblioteca do IEU co nome “Biblioteca da Ulloa”. 7 xullo.

EXPOSICIÓNS

- SALA DE EXPOSICIÓNS DO CASTELO DE PAMBRE:

Na sala de exposicións do castelo de Pambre, cedida polo concello de Palas de Rei, organizáronse, coa colaboración do Hotel Balneario Oca Río Pambre e comisariadas por Braulio Vilariño, as seguintes exposicións:

- Ata o 27 de xaneiro: “Alteración”. Esculturas e pinturas de Lomarti.

-3 de febreiro ao 8 de abril: pinturas e esculturas do Grupo Bacabú (integrado por Q.Bordell, S.Catalán, J.Espiral, Honorio e X.Refojo).

-14 de abril ao 15 de xuño: “En silencio...viaxando”. Fotografía analóxica de Peter Schneider.

-16 de xuño ao 22 de agosto: “A cuadratura do círculo”. Paisaxes de Xoán Guerreiro.

-6 de outubro ao 30 de decembro: “Interiores” . Pintura de Xosé Luís Seara.

- SALA DE EXPOSICIÓNS “YEBRA DE ARES” DA SEDE SOCIAL DO IEU:

- Inauguración o 28 de xullo da sala de exposicións da sede social do IEU, que leva o nome do pintor monterrosino Yebra de Ares. Presentación da Feira dos Bicos organizada pola asociación cultural 25 Xastres.

- Exposición de fotografía "Por feiras e mercados. ..." con fondos do Arquivo histórico Provincial de Lugo. 28 xullo a 3 setembro e 1-4 novembro.

- SALA DE EXPOSICIÓNS DO CENTRO COMARCAL DE PALAS DE REI:

-10-31 maio. Exposición “Manuel Rodríguez López, poeta e obreiro”.

VISITAS GUIADAS

-Visitas guiadas do IEU:

-Visita ao conxunto monumental de Ligonde (Monterroso), guiada por María José Gómez Alvite. 20 maio.

-Visita á igrexa románica e ao castro de San Cristovo de Novelúa (Monterroso), guiada por Miguel Yebra e María José Gómez Alvite. 23 setembro.

-Organización do roteiro “Emilia Pardo Bazán e os pazos de Ulloa” do programa Monumenta da Xunta de Galicia, coa participación de María José Gómez Alvite, Francisco Pardo Teijeiro e Xurxo Mouriño. 25 agosto.

MUSEO ETNOGRÁFICO DA ULLOA

- Promoción da creación dun Centro de Interpretación da Feira de Monterroso.
- Visita ao Museo da Feira de Medina del Campo, en colaboración co Concello de Monterroso. 28 abril.

LABOR EDITORIAL

- Publicación do 2º número de *CAIRÓN. BOLETIN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS.*, dirixida polo xornalista Daniel Salgado. Artigos:

- “Estudo eséxese antroposociopolítica da cantiga *Se ti vises o que eu vin*”. Xesús Alonso Montero.
 - “As orixes ulloás do trobador Johán Lopez d’Ulhoa”. Gregorio Ferreiro Fente.
 - “O patrimonio cultural da Ulloa á luz da recente Lei 5/2016”. Sabela Pardo Rodríguez.
 - “A vida sociocultural en Antas de Ulla durante o último século”. Patricia Coucheiro.
 - “Pedras que falan: catálogo das labras heráldicas do Concello de Monterroso”. Jesús Otero Pereiras.
 - “Benedicto Fuentes Díaz, xefe da guerrilla do Alto Ulla”. Xosé de Castro.
 - “Persoeiros do Castelo de Pambre”. Francisco Pardo Teijeiro.
 - “Un repaso aos dez anos de Festiulloa, o festival de música clásica da comarca”. Rudi Esteban.
 - “Guerra na Ulloa. Primeira e segunda guerras carlistas. Batallas e personaxes”. Fernando Salgado.
 - “Censo dos grupos de rock na comarca”. Daniel Salgado e Adrián Pardellas.
 - “As fadas equinas na bisbarra da Ulloa. O caso dos Phoucas” María José Gómez Alvite.
- Presentacións do 2º número de *CAIRÓN*:
- III Feira do Libro de Monterroso, presentado por Gregorio Ferreiro e Daniel Salgado. 17 marzo.
 - Centro Comarcal de Palas de Rei, presentado por Xosé de Castro e Braulio Vilariño. 29 marzo.

- As Canteiras de Antas de Ulla, presentado por Patricia Coucheiro e Francisco Pardo Teijeiro. 31 marzo.
- Cárcere Vello de Lugo, presentado por Xesús Alonso Montero, Daniel Salgado e Francisco Pardo Teijeiro. 7 abril.
- Promoción da edición do libro de Xulio Pardo de Neyra “Da fidalguía á república”, con prólogo de Francisco Pardo Teijeiro. Publicado pola Deputación de Lugo e presentado en Antas de Ulla o 25 febreiro e en Palas de Rei o 14 abril.
- Deseño e publicación do cartel e do díptico da exposición de Lomarti “Alteración”.
- Deseño e publicación do cartel e do díptico da exposición do Grupo Bacabú. Febreiro.
- Deseño e publicación do cartel e do díptico da exposición de Peter Schneider “En silencio...viaxando”. Abril.
- Deseño e publicación do cartel e do díptico da exposición de Xoán Guerreiro “A cuadratura do círculo”. Xuño.
- Deseño e publicación do cartel e do díptico da exposición de Xosé Luís Seara “Interiores”. Outubro.
- Edición do libro monográfico “Feiras de Monterroso”, coordinado por María José Gómez Alvite. Editado polo IEU e financiado polo Concello de Monterroso (En prensa).
- Edición do libro “Relatos da Ulloa”, coa participación de escritores non socios do IEU coordinados por Xulio Pardo de Neyra (En prensa).

PRESENCIA EN FEIRAS COMARCAIS

- Instalación de stand de divulgación editorial na III Feira do libro e do disco antigo de Monterroso, o 17 de marzo.
- Instalación de stand de divulgación editorial na XXVI Feira do Queixo de Palas de Rei. 29 e 30 de abril.
- Colaboración na presentación da II Feira dos Bicos de Monterroso. 28 xullo.

A Ulloa, 10 de xaneiro de 2019